

## ÍNDICE

	Pág.
1. OBXECTO .....	2
2. ARTIGO 5 MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 PSOAEG .....	2



## 1. OBXECTO

---

No presente anexo achégase o artigo 5 do Título I Disposicións Xerais do documento DOC\_VIII – Normativa da modificación nº1 do PSOAEG, aprobado polo Consello da Xunta o 29 de novembro de 2018.

## 2. ARTIGO 5 MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº1 PSOAEG

---



### 1. INTRODUCCION

No referente a normativa, no proceso de exposición ao público da presente modificación, o Instituto Galego de Vivenda e Solo introducirá una modificación adicional xurdida paralelamente ao proceso de aprobación da modificación nº1 que nos ocupa:

- MODIFICACIÓN no Art. 5, do TITULO I\_ DISPOSICIONS XERAIS do DOC\_VIII-NORMATIVA DO PSOATEG

### 2. MODIFICACION ARTICULO Nº 5

O documento VIII Normativa do PSOATEG estipula no seu artigo nº 5 como se levará a cabo o proceso de revisión e modificación do PSOATEG:

- No apartado 1 establece a vixencia indefinida do Plan, sen prexuízo dos prazos de desenvolvemento dos proxectos sectoriais que recollan as actuacións previstas nel.
- No apartado 2 remite á revisión e modificación do plan segundo o establecido no Decreto 80/2000 que regula os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal
- No apartado 3 exclúe de revisión e modificación aquelas alteracións puntuais dos proxectos sectoriais que poidan introducir ao regular detallada e pormenorizadamente os distintos ámbitos das actuacións de solo empresarial. Para estes efectos, especifica que: *"...os proxectos sectoriais poderán reaxustar, por causas debidamente xustificadas, a superficie dos ámbitos delimitados, sempre que tal reaxuste non supoña unha modificación igual ou superior ao 10 por 100 da superficie do ámbito delimitado polo plan sectorial. Exceptúanse desta limitación aquelas actuacións que se poidan ver afectadas pola eventual aparición de elementos arqueolóxicos de importante valor, conforme o disposto no número 2 do artigo 33 da presente normativa."*

O obxectivo da presente modificación é ampliar os supostos nos que se poden levar a cabo reaxustes de máis-menos o 10% da superficie do ámbito de actuación, sen que impliquen revisión ou modificación do PSOATEG, en concreto nos seguintes casos:

Aparición de elementos arqueolóxicos de importante valor no ámbito segundo o recollido no artigo 33 da normativa do PSOATEG, limitación xa recollida na normativa actual.

A necesidade de excluir terreos afectados por determinacións de normativa sectorial que inviabilicen o desenvolvemento do parque empresarial.

A conveniencia de modificar actuacións recollidas no plan sectorial que supoñan a ampliación de un parque existente, non podendo superar neste caso alteracións na delimitación superiores ao 30%.

### 3. ARTICULO MODIFICADO

Aportándose a continuación a corrección correspondente o artigo que sofre modificación respecto a normativa do Plan Sectorial de Ordenación de Areas Empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia:

### Artigo 5.- Revisión e modificacións do PSOATEG

1. O PSOATEG terá vixencia indefinida, sen prexuízo dos prazos que para a execución de cada unha das actuacións previstas nel se fixen nos correspondentes proxectos sectoriais.
2. O PSOATEG poderá ser revisado ou modificado de acordo co establecido no artigo 14 do Decreto 80/2000. Para estes efectos, enténdese por revisión a reconsideración total do modelo establecido polo PSOATEG como consecuencia da adopción de novos criterios e obxectivos. Por modificación enténdese a simple alteración de forma puntual e illada das súas determinacións.

Non se considerarán revisión nin modificación do PSOATEG as alteracións puntuais que os proxectos sectoriais poidan introducir ao regular detallada e pormenorizadamente os distintos ámbitos das actuacións de solo empresarial. Tampouco terán dita consideración os reaxustes que por causas debidamente xustificadas se realicen na superficie dos ámbitos delimitados, sempre que as mesmas non supoñan unha modificación igual ou superior ao 10% da superficie. Non obstante poderán superar dito porcentaxe os reaxustes motivados polas seguintes causas:

- A eventual aparición de elementos arqueolóxicos de importante valor, conforme ao disposto no número 2 do artigo 33 da presente normativa.
- A necesidade de excluir os terreos que estean afectados por determinacións de normativas sectoriais que impidan o seu desenvolvemento como parte do parque empresarial.
- A conveniencia de modificar os ámbitos recollidos no plan sectorial que constitúan unha ampliación do parque empresarial existente. Nestes casos a modificación da superficie do ámbito non poderá implicar unha modificación superior ao 30% de dita superficie.

XUNTA DE GALICIA  
Aprobado definitivamente polo Consello da Xunta

de data 29 NOV 2018



NORMATIVA

